

ACTA Nº3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A para o “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”

SESIÓN DO 14/09/2026

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretaria: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 1: M^a Aurora Rodríguez Rey (asiste por videoconferencia)

Vogal 2: M^a Begoña Oliveira Sanisidro (asiste por videoconferencia)

Vogal 3: Digna González Laíño

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:00 horas do 14/09/2026, reúnenos os membros do tribunal designado para a selección dun/ha director/a para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II.

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 149 de 07/08/2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello e no taboleiro correspondente do SEPE.

O obxecto desta sesión é a resolución das posibles alegacións presentadas á valoración do curriculum e á realización de proposta de contratación.

1.- ALEGACIÓNS

1.1.- Dentro do prazo establecido nas bases reguladoras presentouse un escrito de alegacións por parte da candidata M^a Fernanda Cores Ces.

1.1.1.- Apartado de titulación complementaria: Solicita que se lle valore o mestrado universitario en Igualdade, xénero e educación da USC, non valorado inicialmente por non constar as horas.

Unha vez revisada a xustificación aportada constátase de que este mestrado ten unha duración superior a 500 horas, polo que o tribunal acorda estimar a alegación presentada en relación a este apartado e modificar a puntuación asignada de 0 puntos a 1 punto.

1.1.2.- Apartado experiencia profesional: a aspirante solicita que se lle valore a súa experiencia profesional relativa a Educadora Social alegando que o seu desempeño profesional supuxo a execución directa de funcións análogas ás requiridas para o posto de dirección.

O tribunal, tendo revisado o contido das bases e do perfil funcional do posto convocado, considera que as funcións desempeñadas como Educadora Social presentan diverxencias substanciais respecto das funcións inherentes á dirección dun programa de emprego, as cales se detallan nas bases do proceso selectivo.

Dada a diferente natureza, obxectivos e competencias asociadas a ambos postos, acórdase desestimar a alegación presentada relativa á experiencia profesional, ao non resultar equivalente conforme a avaliación técnica e ás bases da convocatoria.

1.1.3.- Apartado de cursos realizados: Solicita que se lle valoren os cursos que relaciona no autobaremo aportado e, adicionalmente, que o curso de COMDIX de 250 horas debe entenderse que excede da limitación da puntuación en cursos de ofimática ata un máximo de 0,50 puntos.



Unha vez analizada a alegación presentada, o tribunal acorda estimala parcialmente e valorar os cursos de COMDIX, integración da IA na práctica docente e ofimática na nube por un total de 340 horas, que se traduce en 1,70 puntos no apartado de cursos.

Asemade o tribunal acorda desestimar a solicitude de valoración do curso de directora de tempo libre por non ter relación co posto, e os restantes por non estar impartidos polas AAPP, universidades públicas e/ou sindicatos.

1.2.- Rectificación de oficio da puntuación da candidata Eliana Bouzas Collazo:

Advertido polo tribunal, tras resolver a alegación detallada no apartado anterior sobre o curso COMDIX e co fin de manter a igualdade de trato entre aspirantes, revísase de oficio a puntuación da candidata Eliana Bouzas Collazo, que tamén aportou o mencionado curso en tempo e forma. En consecuencia, o tribunal por unanimidade acorda incrementar 1,25 puntos a puntuación inicial outorgada en cursos, pasando de 0,90 a 2,15 puntos no referido apartado. Esta decisión adóptase antes do peche definitivo do proceso selectivo, en exercicio da función de revisión interna das valoracións dentro do propio expediente.

Finalmente, o detalle de puntuación do curriculum das persoas candidatas logo da resolución de alegacións:

Nº	NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD.	EXP. SIMILAR.	CURSOS	GALEGO	PUNTOS MÉRITOS
1	ELIANA BOUZAS COLLAZO	2	0	2,65	2,15	0	6,8
2	Mª FERNANDA CORES CES	1	0	0	1,7	0	2,7

2.- PUNTUACIÓNS FINAIS.

Procede establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. Estas puntuacións veñen dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículum e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

Nº	NOME	PUNTOS MÉRITOS	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
1	ELIANA BOUZAS COLLAZO	6,8	4,38	11,18
2	Mª FERNANDA CORES CES	2,7	6,13	8,83

3.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

O tribunal acorda por unanimidade propoñer a contratación da candidata ELIANA BOUZAS COLLAZO como directora do “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”.

Asemade se propón como suplente a Mª FERNANDA CORES CES en caso de ser necesario.



4.- ESPECIFICACIÓNS DESTE PROCESO SELECTIVO:

Rematado este proceso de selección, o Concello de Boiro remitiralle o resultado á dirección territorial co obxecto de que esta verifique o cumprimento de todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

Se a persoa candidata proposta non cumprira ditos requisitos, a dirección territorial comunicarllo a este concello para que poida substituíla pola seguinte persoa candidata suplente.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:20 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Margarita Sampedro Mariño

M^a Aurora Rodríguez Rey

Digna González Laíño

M^a Begoña Olveira Sanisidro

